

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO

O tribunal do proceso selectivo para o acceso á escala de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna, convocado por resolución reitoral de 30 de abril de 2024 (DOG do 13 de maio de 2024), na reunión de 18 de decembro de 2024, en cumprimento da disposición da convocatoria que indica que *Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección*, e tendo en conta as previsións da mesma para o segundo exercicio, que indica:

*Segundo exercicio: consistirá en desenvolver por escrito dous (2) temas que se van elixir entre catro (4), obtidos mediante sorteo polo tribunal de entre os que forman o programa da convocatoria.*

*Para a realización do exercicio escrito as/os aspirantes disporán de dúas horas.*

*Posteriormente, o tribunal convocará as/os aspirantes para ler o exercicio en sesión pública quen o cualificará valorando os coñecementos, a capacidade de síntese, a claridade, a orde de ideas e a calidade de expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición. Finalizada a intervención, o tribunal poderá dialogar co/coa opositor/a durante un período máximo de 10 minutos, sobre aspectos dos temas desenvolvidos.*

*Este exercicio cualificarase cun máximo de 40 puntos e será necesario obter un mínimo de 20 puntos para superalo. Cada tema cualificarase cun máximo de 20 puntos e será necesario obter en cada tema, un mínimo de 10 puntos.*

**ACORDOU** facer públicos os **criterios de avaliación e corrección do segundo exercicio** da fase de oposición:

- Os coñecementos demostrados sobre os temas (corrección, precisión e adecuación dos contidos aos temas).
- A capacidade de síntese, a claridade e orde de ideas.
- A calidade de expresión escrita (corrección na redacción e uso de linguaxe técnica).
- A súa forma de presentación e exposición.

**ACORDOU** facer públicos os seguintes **aspectos organizativos**:

- A lectura do segundo exercicio terá lugar o día seguinte da súa celebración (3 de febreiro de 2025). O tribunal dará as oportunas instrucións relativas a hora e lugar da lectura o día de celebración do exercicio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Presidenta do tribunal  
María Isabel Casal Reyes

Taboleiro electrónico da Sede Electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>

Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS:

<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oepl/listado>

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA ISABEL CASAL REYES, DIRECTORA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA,  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/12/2024 13:55:38.

**CSV:** FDCCD-C462-45C8-8C97